



Sindicato de  
Traballadores da  
Administración de  
Xustiza

Sindicato independente específico  
**SOMOS DE XUSTIZA**

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**  
Ferrol (María) **658.615.515**  
Santiago (María José) **673.618.911**  
Pontevedra (Kike) **605.128.068**  
Vigo (Julián) **647.401.860**  
Lugo (José Luis) **649.778.142**  
Ourense (Conchi) **655.805.810**  
e-mail: [stajgalicia@gmail.com](mailto:stajgalicia@gmail.com)

ENRIQUE ARAUJO MARTINEZ, en representación do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ).

Dende fai meses existe nos Xulgados de Pontevedra, refirome aos situados no edificio Xudicial da Parda, un déficit de persoal de seguridade e control de accesos, motivado pola desidia da Dirección Xeral de Xustiza a hora de cumprilo Convenio asinado co Ministerio do Interior que garantiza a vixilancia, o control de accesos e a seguridade nos edificios xudiciais de Galicia mediante a prestación deste servizo por Policías en situación de segunda actividade ou Gardas Cívicas en situación de reserva, prefírese aforrar cartos que manter edificios e espazos seguros para os funcionarios, as/os cidadáns e as vítimas.

No Edificio Xudicial da Parda existen solo tres axentes dispoñibles da Policía Nacional para vixiar e mantela seguridade en todo o edificio, pero é que ademais os tres traballan a turnos, dous pola mañán e un pola tarde, hai que ter en conta que deben vixiar os accesos na porta principal e no Xulgado de Garda que ten outra entrada independente, esta última función mantenos de xeito permanente nas portas de acceso, sen poder facer rondas polas distintas dependencias ao non contar con compañeiros/as que poidan substituílos no control de accesos nas portas de entrada.

Pero a cousa ten máis miga, pola tarde solo queda un axente que debe controlar a porta principal, está entrando xente para o Rexistro Civil, e a porta do Xulgado de Garda, e claro eso resulta imposible facelo, entón o que fan e vixiar ata as seis, hora en que está aberto o Rexistro Civil, a porta principal, deixando o xulgado de Garda sen control de accesos nin vixilancia, o que ten levado máis dunha vez ao funcionario/a de Garda a ter que pechala porta con chave por dentro e dese xeito facer por si mesmos un control previo de accesos, usándose tamén este método como medida de seguridade cando se prevén problemas para o persoal de Garda ou para calquera cidadán ou vítima que se atope nese intre no xulgado. Noutros casos son os axentes de Policía que van ao Xulgado con detidos os que fan esa labor, que non lles corresponde, de control e seguridade mentras se atopan nas dependencias xudiciais. Situación tercermundista a todas luces.

Pero como tódolos anos o problema grande empeza a semana que ven, cando comencan as vacacións dos tres efectivos, e se menguan polo menos nunha persoa ese servizo. Xa ten pasado máis anos e segue pasar como se nada. Se non hai máis que un efectivo que lle imos facer?. Parece dicir a Xunta. Non se pode aforrar cartos na seguridade, lembro que das plantillas que figuran no convenio para Pontevedra correspondenlle 8 efectivos, están presupuestadas, por eso figuran no Convenio e se publicou no DOG e no BOE, supón unha irresponsabilidade enorme deixar aos edificios xudiciais coxos dende o punto de vista da seguridade, e se cadra algún día temos que botar as mans a cabeza, despois virán os lamentos. Para máis inri un dos efectivos xubilase en setembro

Por certo eu vexo nos edificios da Xunta de Galicia arcos detectores de metais e escaners para controlar o que se porta en bolsas, mochilas, bolsos etc, no edificio da Parda solo existe un arco na entrada principal, na entrada do xulgado de Garda no hai nada, nin un detector manual sequera.







Sindicato de  
Traballadores da  
Administración de  
Xustiza

Sindicato independente específico  
**SOMOS DE XUSTIZA**

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**  
Ferrol (María) **658.615.515**  
Santiago (María José) **673.618.911**  
Pontevedra (Kike) **605.128.068**  
Vigo (Julián) **647.401.860**  
Lugo (José Luis) **649.778.142**  
Ourense (Conchi) **655.805.810**  
e-mail: [stajgalicia@gmail.com](mailto:stajgalicia@gmail.com)

Mención aparte merece o que está a pasar nos Xulgados do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, sitos na Rúa Germán Adrio Sobrido, oficinas xudiciais que levan mais de dez anos ali ubicadas, e que contan con 24 empregados/a públicos desempeñando as súas funcións nese edificio, no que por motivos de consulta de expedientes e xuízos entran ducias de persoas alleas a Administración de Xustiza tódolos días. Pois nese edificio nin hai nin houbo nunca unha sola persoa, nin policía nin seguridade privada, que se adicase a facer as funcións de vixilancia, de control de accesos e de seguridade. Os compañeiros/as que ali traballan sintense desamparados por a Xunta de Galicia e abandonados por unha Administración a que lle importa pouco ou nada a súa seguridade persoal e a súa integridade física, que solo funciona con criterios de aforro. Cóntannos escritos neste senso deste e outros sindicatos, dos funcionarios/as, do Decano, dos Xuices e Xuizas do Contenciosos, da propia Xunta de Xuices de Pontevedra e todo segue igual, como si nada lles fixera cambiar o criterio de primeiro o aforro e despois a seguridade. Isto non é tercermundista, isto é de xulgado de garda.

En base a todo o exposto, SOLICITO:

PRIMEIRO.- Que se destinen máis efectivos de Policía á seguridade e vixilancia do edificio xudicial da A Parda, debéndose garantir sempre un número de efectivos que non baixe de 4 diarios, incluído o período de vacacións. Se non fose posible cubrir o sevizo por policías en situación de segunda actividade, se contrate seguridade privada como se fai noutros sitios.

SEGUNDO: Se dispoña dun escáner para a porta principal do edificio de A Parda e outro para a entrada so Xulgado de Garda.

TERCEIRO: Se dispoña de persoal de Policía ou seguridade privada para prestar servizo de vixilancia e seguridade nas oficinas dos Xulgados do Contencioso- Administrativo de Pontevedra.

Pontevedra a 11 de xullo de 2018.

DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA. Rúa de Madrid 2-4, 2º andar.- SANTIAGO

